



7

**trabalho feito
non mete apuro**



FUNCIÓN COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Expresarse en contextos académicos (secretaría) ❖ Correccións, aclaracións... 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Ámbito académico-administrativo: a matrícula, os prazos... 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ O infinitivo conxugado ❖ Oracións completivas: lémbroche que..., preguntou se... ❖ Derivación: os sufixos caracterizadores ❖ Tipoloxía textual: a convocatoria dun concurso 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Coherencia e cohesión: conexión léxico-semántica ❖ GALEGO EN ACCIÓN: deseño dun impreso 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ As tres universidades galegas



Actividade introdutoria



1. Acabas de trasladarte de domicilio e aínda che quedan por facer un montón de trámites. Comecemos pola matriculación nun novo centro de estudos superiores. Imaxina que chegas ao mostrador da secretaría do novo centro disposto/a a informarte. Pensa nas preguntas que farías. Para facilitarcho, dámosche unhas cantas palabras clave:

Prezo	Bolsas de estudo	Residencia	Horario	Créditos
	Ciclos	Optativas	Vacacións	Prácticas

1. *Que estudos se poden cursar neste centro?*

2. ...

2. Por parellas, representade agora o diálogo entre a persoa que está detrás do mostrador e ti.



3. O seguinte paso, vai ser cubrir o impreso de matriculación, que datos dos seguintes incluírías nel? Ten en conta que só poderías elixir 10 datos.

Nome	DNI	Lugar de nacemento
Apelidos	Pasaporte	Profesión dos pais
Idade	N.º da Seguridade Social	Estudos dos pais
Traballador en activo	Domicilio	Familia numerosa
Estudos anteriores	Teléfono	Nacionalidade
Materias optativas	Teléfono móbil	Bolseiro
Curso	Sexo	Nome dos pais


4. Facede agora unha posta en común sobre os datos que elixistes e os que desbotastes, xustificando a vosa elección. Seguíde este modelo:

Nome: elixino porque me parece moi importante ter identificada a persoa que ingresa no centro.

...

5. O plano do centro:

- Explicálles en voz alta aos compañeiros e compañeiras a onde se teñen que dirixir se queren matricularse neste centro.
- Se despois de matricularse queres ir tomar un café, a onde te tes que dirixir? Guía un compañeiro ou compañeira polo plano.





Gramática e léxico

Prácticas guiadas

GRAMÁTICA SELECTIVA

Para expresar/solicitar información:

Podemos comezar a nosa petición con algunha destas fórmulas:

Por favor...

Mire...

Oia...

Para logo continuar con algo así:

Pódeme dicir...

É tan amable de dicirme...

Necesito información...

Quero saber...

E rematar coa información demandada:

... que hora é?

... se pechan ao mediodía?

... sobre a catedral.

... onde está a praza da Leña.

... ata cando están abertos.

... canto custa isto.

O INFINITIVO CONXUGADO

No galego, contamos cunha forma flexionada do infinitivo que ten as seguintes formas:

Eu sentir

Nós sentirmos

Ti sentires

Vós sentirdes

El ou ela sentir

Eles ou elas sentiren

a) Como ves, fórmase engadínlle unhas desinencias de número-persoa e modo-tempo á forma non conxugada do infinitivo.

b) Pódese utilizar nos seguintes casos (ver exercicio 8):

- Cando ten un suxeito (expreso ou non) diferente ao do verbo da oración complexa na que se contén:

Actuarmos pronto é imprescindible.

Estares atento resulta decisivo.

*Esa é a razón de **estarmos** tan cansos.*

- Cando vai introducido por unha preposición, ao comezo da oración:

*De non **facerdes** así, **equivocarédesvos**.*

*Para **chegarmos** primeiro, **temos que correr**.*



Léxico

Coloquial: andarse chorando

Estándar: pedir

Culto: solicitar, demandar

Coloquial: fungar

Estándar: protestar

Culto: mostrar discordancia

Coloquial: estudante

Estándar: alumno/a

Culto: discípulo/a

Coloquial: atallar un problema

Estándar: solucionar

Culto: emendar

Coloquial: encher un papel

Estándar: cubrir un impreso

Culto: completar un formulario

Coloquial: palmar unha clase

Estándar: latar, faltar

Culto: non asistir

6. Observa estas fotografías, todas fan referencia a algunha actividade que ten prazos de realización. Asocia fotografía con actividade e logo indica os prazos.

Vocabulario útil:

Mes

Ano

Día

Hora

Entrega

Recollida

Pagamento

De ata

Dende ata

Prorrogable

Fóra de prazo

Tarde

Cedo

Esperar


Facer cola

Présa

Apurar

Atender



 <p>Concurso Literario</p>	<p>Descrición da actividade:</p>	<p>Prazos:</p>
	<p>Descrición da actividade:</p>	<p>Prazos:</p>
	<p>Descrición da actividade:</p>	<p>Prazos:</p>
 <p>Curso de Fotografía</p>	<p>Descrición da actividade:</p>	<p>Prazos:</p>
	<p>Descrición da actividade:</p>	<p>Prazos:</p>
	<p>Descrición da actividade:</p>	<p>Prazos:</p>



7. Observa con atención esta fotografía e comenta co teu compañeiro ou compañeira:


a) quen son estas persoas?, que relación teñen entre elas?

b) onde están?

c) que fan?



Fonte: www.datisa.es

d) Escóita agora este diálogo. A persoa que está máis preto da cámara ergue a man e faille unha pregunta ao profesor, que pregunta lle fai? Escóita igualmente a resposta do profesor. 

e) Por último, por parellas, comentade cal foi a pregunta e cal a resposta do profesor. Segue algún destes modelos:

O alumno preguntou se + VERBO EN INDICATIVO

E o profesor respondeu/aclarou que... + VERBO EN INDICATIVO

O alumno dixo que... + VERBO EN SUBXUNTIVO

O profesor lembrou que... + VERBO EN INFINITIVO



8. Centrémonos agora nas posibles respostas do profesor/a para lle explicar, aclarar ou corrixir algo a un dos seus alumnos/as:

a) une preguntas e posibles respostas (pode haber máis dunha resposta por pregunta).

b) ensaiade por parellas en voz alta a pregunta e as respostas que unistes, empregando nas respostas que dades algún dos modelos que che presentamos:

Preguntas

Por que é necesario facelo así?

Quen pode vir mañá?

Como resolvemos isto?

Hai máis maneiras de solucionaralo?

Profesor, pregúntome se non podemos cambiar a data de exame...

Ese resultado non está mal?

Posibles respostas

Non hai outra posibilidade para que saia ben.

Tedes que seguir o modelo que demos onte na clase.

Adiar a data supón un atraso considerable.

Ensaia outras maneiras de facelo.

Sería necesario porque imos con atraso.

Se o fas doutro xeito, verás que está errado.

Non, é correcto.

Non é correcto.

Inténtao destoutra maneira.

Modelos:

*De non **facerdes** así...*

***Actuarmos** pronto é imprescindible, porque...*

*Cómpre **facermos** isto se...*

***Estares** atento, resulta decisivo se...*

*Convén **virmos** máis cedo para...*

*Esta é a razón de **estarmos**...*



9. Estes modelos tamén se poden empregar para lle dar advertencias ou consellos a alguén. Empregándoos, que advertencias ou consellos lles farías a estas persoas:



As **interxeccións** poden servir para advertir dun perigo ou para chamar a atención do receptor sobre algo. Estas poden serche útiles neste exercicio, incorpóraas nas túas respostas:

Ai!

Eh!

Tamén outros enunciados como:

Coidado!

Atención!

Mira!



Galego en acción

10. Observa estas tres fotografías con atención e di que adxectivos lle adxudicarias a cada unha delas. Explica, antes de adxudicarlo, que significado ten o adxectivo:



Xentil	Realista
Agradable	Prudente
Xeniúdo	Imaxinativo
Fungón	Intelixente
Malencarado	Argalleiro
Chorón	Honrado
Simpático	Apaixonado
Antipático	Enérxico
Agarimoso	Extraordinario
Positivo	Admirable
Folgazán	Groseiro
Zoupeiro	Lúcido
Preguiceiro	Galante
Traballador	Gracioso
Tiránico	Obxectivo

Fonte: www.fotografiabarcelona.com

OS SUFIXOS CARACTERIZADORES

Os sufixos caracterizadores son aqueles que transmiten un contido de cualidade aplicable a persoas e/ou cousas. Aparecen polo tanto na formación de adxectivos. Estes son algúns dos máis frecuentes:

-ISTA: *realista*

-EIRO/A: *zoupeiro, argalleira, groseiro...*

-DOR/A: *traballadora*

-ARIO/A: *extraordinario*

-OSO/A: *gracioso, agarimoso...*

-ADO/A: *honrada, apaixonado...*

-ICO/A: *enérxico, tiránica...*

-NTE: *intelixente, galante...*

-BLE: *amigable, responsable...*

-IVO/A: *positivo, obxectivo...*

-AN/ANA: *folgazana, nugallán...*



11. Tendo en conta as asociacións que fixeches entre personaxe e trazos do seu carácter, asígnalle a cada un deles un oficio.



OFICIO:



OFICIO:



OFICIO:

a) Estas tres persoas son os sospeitosos que manexa a policía de ter cometido un roubo dun famoso cadro nun museo de Amsterdam. Observa este anaco do informe policial dun deles, a quen dirías que pertence?

Nome:
Idade:
Oficio:
Domicilio:

Das pesquisas policiais feitas ata o de agora sábese que esta persoa, ademais de botar moitas horas no seu posto de traballo, ten logo outras afeccións ás que dedica moito tempo: clases de baile e curso de pintura. Trátase dunha persoa solitaria, que ten poucas relacións sociais fóra das que establece no propio eido laboral. Calado, serio, en aparencia moi responsable. Polas súas afeccións podemos presumir que se trata dunha persoa imaxinativa, creadora e observadora. Pola contra, e segundo declaracións dos seus veciños, resulta unha persoa xeniúda e antipática coa maioría dos veciños, dado o seu carácter retraído.

b) Seguindo o modelo, elabora ti o informe policial doutro dos personaxes onde se faga a descrición do carácter:

Nome:
Idade:
Oficio:
Domicilio:
.....
.....
.....



Tipoloxía textual

12. Observa esta convocatoria:

Edicións Xerais de Galicia convoca a vixésimo terceira edición do **PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL** en lingua galega, dotado con 10.000 euros que se rexerá polas seguintes bases:

1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que **presenten** os seus **orixinais** en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os **textos** presentados han ser inéditos e totalmente orixinais.

2ª. De cada orixinal **achegaranse** seis **copias** en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, antes do día 7 abril de 2008 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A., rúa Doutor Maraño, 12.36211 Vigo.

3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase, en sobrepechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da **obra**, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil.

4ª. O xurado estará composto por cinco **membros**, escolleitos, para cada edición, entre **lectores**, recoñecidos **profesionais** da cultura e un **secretario** con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S.A. O premio outorgarase por maioría de votos.

5ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.

6ª. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Cea "Xerais" que se celebrará o día 7 de xuño

7ª. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o Xurado así o estime, e a decisión será inapelable.

8ª. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de **exemplares** nin de edicións. O autor/a recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada.

Edicións Xerais de Galicia, S.A., reserva, así mesmo e durante o prazo de seis meses, a contar desde o día do outorgamento do premio, opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscibindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición.

9ª. Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ao fallo. Os que non se retiren serán destruídos.

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases

Vigo, decembro 2007

**premio
merlín**

de literatura
infantil 23ª edición 23ª edición



Observa as palabras que veñen marcadas en cores:

- a) orixinal, texto, copia, obra, exemplar
- b) presentar, achegar
- c) membros, lectores, profesionais, secretario

A diversificación léxica e a conexión semántica entre as palabras que compoñen un texto é un dos métodos para conseguir a cohesión súa. Esta conexión pode manifestarse de varias maneiras:

- no caso da secuencia a) e b), trátase de diversificar o léxico para evitar repeticións innecesarias e para enriquecer desta forma o vocabulario do texto.
- no caso da secuencia c), a cohesión establécese mencionando os compoñentes do que podemos considerar un campo semántico: membros do xurado (hiperónimo do campo) e lectores, profesionais da cultura e secretario (hipónimos do campo semántico).

Tendo en conta isto, redacta ti agora unhas bases para un PREMIO DE DEBUXO tendo en conta de incluír os seguintes datos, dos cales podes tomar nota aquí:

Nome do premio: _____

Participantes: _____

Técnicas permitidas: _____

Número de copias: _____

Tamaño: _____

Xurado: _____

Prazos: _____

Premios: _____

Lugar de entrega: _____

13. Nas bases que redactes, mira de usar estas series:

- a) debuxo, deseño, bosquexo
- b) copia, orixinal, obra
- c) premio, galardón, gratificación
- d) presentar, entregar, achegar
- e) membros do xurado: deseñadores, alumnado, profesores
- f) técnicas: acuarela, gravado, pintura...





Modelo actividade Celga

14. Plan de estudos dunha facultade:

501A01 1º CURSO							
Código	Nome	Carácter	Horas Teóricas	Horas Prácticas	Tot.	Docencia	Cuadrimestre
501101	Bioestatística	Troncal	3	3	6	OFERTA.1	Segundo Cuadrimestre
501102	Botánica	Troncal	7,5	3	10,5	OFERTA.1	Anual
501103	Citloxía e Histoloxía Vexetal e Animal	Troncal	7,5	3	10,5	OFERTA.1	Anual
501104	Física dos Procesos Biolóxicos	Troncal	2,5	2	4,5	OFERTA.1	Primeiro Cuadrimestre
501105	Matemáticas	Troncal	2,5	2	4,5	OFERTA.1	Primeiro Cuadrimestre
501106	Química	Troncal	4	2	6	OFERTA.1	Primeiro Cuadrimestre
501111	Química Orgánica	Obrigatorio	3	1,5	4,5	OFERTA.1	Segundo Cuadrimestre
501A03 2º CURSO							
501302	Fisioloxía Animal	Troncal	7,5	3	10,5		Anual
501303	Fisioloxía Vexetal	Troncal	7,5	3	10,5		Anual
501311	Antropoloxía	Obrigatorio	6	1,5	7,5		Primeiro Cuadrimestre
501105	Matemáticas	Troncal	2,5	2	4,5	OFERTA.1	Primeiro Cuadrimestre
501106	Química	Troncal	4	2	6	OFERTA.1	Primeiro Cuadrimestre
501111	Química Orgánica	Obrigatorio	3	1,5	4,5	OFERTA.1	Segundo Cuadrimestre
501A02 3º CURSO							
501201	Bioquímica	Troncal	7,5	3	10,5		Anual
501202	Microbioloxía	Troncal	7,5	3	10,5		Anual
501203	Xenética	Troncal	7,5	3	10,5		Anual
501204	Zooloxía	Troncal	7,5	3	10,5		Anual
501G01 OPTATIVAS XERAIS DO 1º CICLO							
501121	Físico-Química	Optativo	4,5	1,5	6	OFERTA.1	Segundo Cuadrimestre
501122	Historia da Bioloxía	Optativo	4,5	0	4,5	OFERTA.1	Segundo Cuadrimestre
501221	Análise Química	Optativo	4,5	1,5	6		Primeiro Cuadrimestre



Deseña, contando con esta información, o teu plan de estudos do primeiro ciclo de Bioloxía, tendo en conta as seguintes condicións:

- a) As materias troncais e obrigatorias hai que facelas necesariamente.
- b) Nunca queres ter máis de cinco materias ao tempo por cuadrimestre.
- c) Tes que facer necesariamente dúas optativas.

PRIMEIRO CURSO	
Materias	
Primeiro cuadrimestre	Segundo cuadrimestre



d) Pensa agora que a mediados do segundo curso, por algunha circunstancia, tes que modificar o teu plan de estudos. Deberás cubrir o impreso de modificación de matrícula que che achegamos.



Modelo XA-9

SOLICITUDE MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA

APELIDOS E NOME:		D.N.I.:	
Rúa, n.º, piso		Teléfono	Código Postal
Localidade		Provincia	
Alumno da Licenciatura/Diplomatura		Curso da licenciatura	Ano académico

EXPÓN QUE:
Cumprindo os requisitos de ter formalizada matrícula ordinaria

SOLICITA: (sinalar cun "X" onde corresponda)

Cambio, modificación ou anulación da matrícula con carácter xeral dentro dos prazos establecidos na convocatoria

Modificación particulares por Resolución Reitoral

Outras causas _____

MATERIAS AFECTADAS E TIPO DE MODIFICACIÓN SOLICITADA			
CÓDIGO DA MATERIA	NOME DA MATERIA	BAIXA	ALTA
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Autorizo á Universidade de Santiago de Compostela a aboar as devolucións que, de ser o caso, me correspondan na conta que se indica

- - -

_____ de _____ de 200__

Asdo.: _____

Os datos recollidos incorporaranse ao ficheiro de "gestión económica contábil e orzamentar" ao abeiro da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos de modificación e oposición enmarcanse dentro do ámbito de aplicación da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos de modificación e oposición enmarcanse dentro do ámbito de aplicación da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



Contido sociocultural

O sistema universitario galego



As universidades son as institucións de educación superior nas que se desenvolven as seguintes funcións:

- A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.
- A difusión do coñecemento e da cultura, a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.

En Galicia contamos actualmente con tres universidades públicas: a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVIGO)

Cada universidade divídese á súa vez en **campus**, os lugares onde se sitúan as distintas facultades e centros de estudos e investigación. Así, a UDC ten representación en dous campus: Campus da Coruña (con dezaseis centros) e Campus de Ferrol (con seis centros), a USC divídese entre o Campus de Santiago (con dezoito centros) e o Campus de Lugo (con seis centros) e, por último, a UVIGO divídese entre o Campus de Ourense (con sete centros), o Campus de Pontevedra (con seis centros) e o Campus de Vigo (con dezaseis centros).

En todas elas, teñen representación estudos e licenciaturas da área de ciencias (Bioloxía, Farmacia, Química...) e da área de humanidades e ciencias sociais (Historia, Dereito, Ciencias da Educación...). Algunhas facultades, pola contra, só teñen representación nun campus, tal é o caso de Ciencias do Mar (en Vigo), Belas Artes (Pontevedra), Veterinaria (Lugo) ou Arquitectura (A Coruña).



Transcripción do audio

7. Diálogo: a persoa que está máis preto da cámara ergue a man e faille unha pregunta ao profesor.

No curso de formación...

- Como vos ía dicindo, o traballo que tedes que entregar a próxima semana ha de ter polo menos unha extensión de vinte e cinco páxinas, numeradas e a dobre espazo. Lémbrovos que as partes que debes incluír son: unha introdución onde expliques os obxectivos que queres conseguir, unha planificación básica que inclúa as fases do traballo e a temporalización, para logo rematar cunhas conclusións.
- Profesor, eu quero preguntar se non é necesario incluír tamén algo sobre os materiais precisos para poñer en práctica a actividade que describimos...
- Non obrigatoriamente, pero dende logo é unha boa opción se queres mellorar o traballo e aspirar a ter unha cualificación alta.